

Expediente: CON2024000011 Referencia interna: 2024/00017132C -
Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villestro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña
Tipo de contrato: Obras Procedemento: Abierto

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria celebrada o 13 de maio de 2024 adoptou o seguinte acordo:

Aprobación do expediente "Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villestro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña"

A proposta é do seguinte teor literal:

Paz Filloy Mato, xefa do Servizo de Contratación, consonte os termos establecidos no artigo 175 Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais

INFORMO

ANTECEDENTES

O concelleiro delegado de Economía e Facenda Persoal, Contratación e Modernización da Administración local dita o 12/04/2024 resolución de inicio do expediente de contratación das Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villestro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña. No expediente consta, ademais, a seguinte documentación:

- Informe de necesidade e idoneidade do contrato asinado o día 08/03/2024 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal e o día 08/03/2024 pola Concelleira delegada de Medio Rural, no que se define o obxecto do contrato; o procedemento de licitación e tipo de tramitación así coma o valor estimado do contrato o orzamento base de licitación.
- Estudo económico asinado o día 08/03/2024 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal e o día 08/03/2024 pola Concelleira delegada de Medio Rural.
- Proxecto básico e de execución "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villestro".
- Acordo da Xunta de Goberno Local do día 04/12/2023 de aprobación do proxecto
- Proposta de criterios de adxudicación asinada o día 08/03/2024.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o día 12/04/2024 ao que acompañaba informe do Servizo de Contratación asinado a mesma data.
- Informe favorable da Asesoría Xurídica Municipal de data 23/04/2024.
- Documento contable RC de crédito adecuado e suficiente.

CONSIDERACIÓNS

Tendo en conta a regulación que para o procedemento administrativo se recolle con carácter xeral nos artigos 163 a 185 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, así como artigos 54 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e as argumentacións recollidas nos anteriores informes, a concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da administración local, consonte aos termos establecidos no artigo 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 17/06/2023 (BOP 22/06/2023) e as competencias delegadas por acordo da Xunta de Goberno do día 20/06/2023 (BOP 28/06/2023), propón que a Xunta de Goberno local da cidade de Santiago de Compostela adopte o seguinte:

ACORDO

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación das *Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villedro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña*, cun orzamento base de licitación de 79.987,40 € (base impositiva de 66.105,29 € máis IVE do 21% de 13.882,11 €

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación, de acordo cos artigos 156 a 158 da LCSP.

Terceiro: Autorizar o gasto correspondente por importe de 79.987,40 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 93303 6320000 2021 2 PPROV 35 3.

A proposta foi fiscalizada pola intervención municipal con nº de referencia 2024/414 e con resultado Fiscalización de conformidade.

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación das *Obras de execución do proxecto de "Mellora e acondicionamento do centro sociocultural de Villedro" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2021 da Deputación Provincial da Coruña*, cun orzamento base de licitación de 79.987,40 € (base impositiva de 66.105,29 € máis IVE do 21% de 13.882,11 €

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación, de acordo cos artigos 156 a 158 da LCSP.

Terceiro: Autorizar o gasto correspondente por importe de 79.987,40 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 93303 6320000 2021 2 PPROV 35 3.